



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2021-2022

O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, publicado no DOG do día 26 de decembro, regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, desenvolvido pola Orde do 12 de marzo de 2013, (DOG do 15 de marzo) que foi modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG do 1 de febreiro) e pola Orde do 18 de decembro de 2020 (DOG nº 256, do 22 de decembro).

Co obxecto de facilitar o normal desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado do curso 2021/2022 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten as devanditas ensinanzas, e de conformidade coa Disposición derradeira segunda da Orde do 25 de xaneiro de 2017, resolvo ditar as seguintes

INSTRUCCIÓNS:

1. Proceso de admisión e prazos

- a) O proceso de admisión de alumnado tramitarase mediante a aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), nos prazos que determina a Disposición Adicional Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013.
- b) O prazo de presentación das solicitudes de reserva para un centro de adscrición abranguerá do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2021, ambos incluídos.
- c) O prazo de presentación das solicitudes ordinarias de admisión abranguerá do día 1 ao 22 de marzo de 2021, ambos incluídos.
- d) As instancias presentadas entre o 23 de marzo e o 18 de maio, ambos incluídos, serán consideradas fóra de prazo¹

2. Prazas vacantes e reserva para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- a) O centro educativo configurará a súa oferta de prazas a través de *admisionalumnado*. As prazas de bacharelato configúranse distribuídas entre as distintas modalidades destas ensinanzas que se impartan no centro.

¹Artigos 15, 34 e D.A. primeira da Orde do 12 de marzo de 2013





Unha vez validada a oferta pola inspección educativa publicará, antes do 1 de marzo, as vacantes. Calquera modificación que poida producirse con posterioridade, deberá ser autorizada expresamente pola inspección educativa.

- b) As prazas ofertadas adxudicaranse aos solicitantes seguindo o procedemento que regula a orde. Non obstante, o numero de vacantes podería reducirse no caso de que algunha das prazas deba destinarse, con carácter excepcional, a atender necesidades de escolarización por causas extraordinarias reguladas no Capítulo VII (Artigos 44 e seguintes) e, en todo caso, coa data límite na que o centro publique a lista provisional de persoas admitidas e non admitidas segundo o que determina o artigo 30 da orde (ata o 26 de abril).
- c) No 1º curso do segundo ciclo de educación infantil, no 1º curso de educación primaria e no 1º curso da educación secundaria obrigatoria, publicarase o número total de postos que correspondan por unidade ou grupo segundo o artigo 4 da Orde do 12 de marzo de 2013, informando que se reservarán 3 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que, no caso de non adxudicarse, se asignarán dentro do procedemento ordinario de admisión e, se é o caso, no subsidiario².
- d) Non se considerarán como vacantes as prazas escolares non ocupadas polo alumnado ao que se adxudicaron, cando os proxenitores deberon desprazarse transitoriamente fóra do concello durante o curso, por motivos laborais debidamente acreditados mediante un certificado expedido pola correspondente administración pública ou empresa, e sexa previsible que o alumnado se reincorpore á praza antes de que remate o mesmo curso. Igual criterio se aplicará cando o alumnado realice o curso no estranxeiro.

3. Solicitudes

- a) As solicitudes deste proceso realizaranse mediante os modelos anexo I e II, respectivamente (códigos de procedemento ED550A e ED550B). Os formularios poderán cumprimentarse na aplicación *admisionalumnado*, ou ser descargados e cumprimentados de forma manual polas familias.
- b) Tamén se poderán descargar, e logo cumprimentar, da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, e da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na dirección <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849>.
- c) Os centros educativos facilitarán, de forma gratuíta, unha copia en papel dos formularios ás persoas interesadas que a soliciten.
- d) Os centros tramitarán igualmente as solicitudes que reciban en prazo respecto de niveis educativos nos que inicialmente non existan vacantes.

² Artigo 39.2 da Orde do 12 de Marzo de 2013.





4. *Formalización das solicitudes*

- a) A solicitude será única e poderase presentar de forma presencial no centro educativo que a rexistrará, ou de forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*.

A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova, indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude de reserva de prazos nun centro de adscrición poderá presentarse ata o día 28 de febreiro de 2021³; a renuncia a unha solicitude ordinaria de admisión rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Logo do remate dos prazos indicados a solicitude será vinculante. A duplicidade de solicitudes determinará a escolarización da/o alumna/o conforme ao procedemento subsidiario regulado no Capítulo IV da Orde.

- b) A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir á proxenitora ou ao proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.

De existir unha discrepancia formulada expresamente por escrito pola proxenitora ou polo proxenitor que non asine, non se paralizará o expediente, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal.

En espera da decisión xudicial, escolarizarase de forma cautelar ao menor no centro docente que corresponda, tendo en conta a solicitude formulada pola proxenitora ou o proxenitor que teña atribuída a garda e custodia e con quen conviva de forma habitual.

5. *Centros de adscrición e prioridade na área de escolarización*

- a) A consideración dos centros públicos adscritos como "*centro único*" aos efectos de aplicación dos criterios de admisión abrangue unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior⁴.
- b) Terá prioridade na área de escolarización que corresponda ao domicilio ou ao lugar de traballo dalgún dos proxenitores ou titores legais, o alumnado cuxa escolarización en centros públicos e privados concertados veña motivada por

³ Artigo 11.3 da Orde do 12 de marzo de 2013

⁴ Artigo 8 da Orde de 12 de marzo de 2013.





traslado da unidade familiar, debido á mobilidade forzosa de calquera dos proxenitores ou titores, ou a un cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero⁵.

6. Aplicación dos criterios xerais de admisión de alumnado

- a) Cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, para presentar, de forma presencial no centro, a documentación xustificativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante.

Non obstante, consultarase de forma automática a través de *admisionalumnado* (salvo oposición expresa que conste na solicitude) e non será necesario acreditar os datos relativos a:

- Domicilio fiscal e renda *per cápita* da unidade familiar
 - Condición de familia numerosa
 - Discapacidade do alumnado, proxenitores, titores ou irmáns recoñecida pola xunta de Galicia
- b) Na valoración do criterio de irmás ou irmáns matriculados en centros educativos públicos, consideraranse os escolarizados no centro adscrito ou no de adscrición no nivel inmediato superior⁶.
- c) Aos efectos da valoración do criterio de proximidade do centro ao domicilio familiar, a certificación do padrón municipal de habitantes expedida polo órgano competente do concello, será o principal medio de acreditación das circunstancias da unidade familiar: domicilio familiar, membros da familia que conviven nel e data de alta na vivenda.

Toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada por lei a inscribirse no seu padrón. Polo tanto, non se pode admitir como xustificación o feito de residir no concello dende hai máis dun ano sen darse de alta no padrón⁷.

- d) Para a valoración da renda *per cápita* da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base impoñible no caso de declaración conxunta, ou á base impoñible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 435 (base impoñible xeral) e 460 (base impoñible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2019; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

⁵ Artigo 84.7 da LOE, redactado polo apartado sesenta e dous do artigo único da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

⁶Artigo 8 da Orde de 12 de marzo de 2013

⁷ Artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local





Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2021.

- e) Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2019, que está fixado en 6.454,03 euros.⁸
- f) Para considerar o criterio de proxenitora, proxenitor ou representante legal que traballen no centro, debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcional ou asimilada. Nos centros privados concertados, considerarase asimilada a relación das persoas socias cooperativistas e a da titularidade do centro.
- g) Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.⁹

Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

7. Listaxes de persoas admitidas e excluídas. Elaboración e publicación

As listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas¹⁰ serán elaboradas, exclusivamente, mediante a aplicación *admisionalumnado*, e a súa exposición para consulta polas familias só se poderá realizar de forma:

- a) Presencial: Única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar. En base ás recomendacións vixentes en materia de protección de datos persoais, non se poderá realizar por ningún outro medio físico de publicación (exemplo: os taboleiros ou as zonas acristaladas visibles desde o exterior do centro).
- b) Non presencial: Única e exclusivamente a través da aplicación *admisionalumnado* empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre. En base ás recomendacións vixentes en materia de protección de datos persoais non se poderá realizar a través de ningún outro medio electrónico de publicación (exemplo: as listaxes en aberto na páxina web propia do centro educativo). Non obstante, na páxina web poderase anunciar o momento en que as listaxes estean dispoñibles na aplicación.

⁸ D. A. Centésima décima novena da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (BOE do 4 de xullo de 2018)

⁹ Artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

¹⁰ Artigos 30 e 31 da Orde do 12 de marzo de 2013





8. Fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares

- a) A fase de adxudicación subsidiaria¹¹ de postos escolares será xestionada a través da aplicación informática *admissionalumnado*.
- b) Ao inicio do procedemento a xefatura territorial informará aos centros docentes das solicitudes de admisión que lles afecten.
- c) Valorarase o criterio complementario aprobado polos centros solicitados como segunda opción e seguintes, sempre que estea acreditado no expediente achegado á xefatura territorial. Non obstante, poderase requirir, de forma motivada, a documentación complementaria que se estime necesaria para acreditar a circunstancia alegada, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación; procederase de igual xeito con calquera outro criterio a valorar.
- d) Logo de rematada a adxudicación de prazas ás solicitudes incluídas nesta fase, a xefatura territorial poderá resolver as solicitudes afectadas polo previsto no artigo 34 da Orde tendo en conta as prazas que resulten vacantes.

9. Empate na puntuación

No caso de empate na puntuación, aplicaranse sucesivamente os criterios de desempate do artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013. Para os efectos da aplicación destes criterios, se a alumna ou o alumno carece de segundo apelido, o lugar deste será ocupado polo nome.

10. Procedemento extraordinario de admisión

- a) Aos efectos de tramitar as solicitudes que poidan presentarse, enténdese que o proceso extraordinario de escolarización se inicia o día 19 de maio de 2021 e remata ao final do curso 2021/2022.
- b) As solicitudes, formuladas mediante o modelo que se anexa a estas instrucións, presentaranse nas dependencias da xefatura territorial ou dos centros docentes. Os centros remitirán ás xefaturas territoriais as solicitudes que reciban.
- c) A persoa titular da xefatura territorial poderá autorizar un incremento de ata un dez por cento do número máximo de alumnos e alumnas por aula nos centros públicos e privados concertados nos casos establecidos no artigo 44 da Orde do 12 de marzo de 2013.¹²

11. Admisión e formalización da matrícula

- a) Corresponde á dirección dos centros públicos decidir sobre a admisión de alumnado, previo informe do consello escolar.¹³

¹¹Artigo 35 e seguintes da Orde do 12 de marzo de 2013

¹²Artigo 44 da Orde do 12 de marzo de 2013.

¹³Artigos 127.e) e 132.n) da LOE, redactados polos apartados oitenta e oitenta e un, respectivamente, do artigo único da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.





Nos centros privados concertados a decisión corresponde á súa titularidade coa participación do consello escolar.¹⁴

- b) A matrícula formalizarase mediante a presentación do correspondente formulario que os centros poderán descargar dos informes predefinidos de XADE.
- c) Todas as anotacións relativas á fase de matrícula serán realizadas polos centros educativos en XADE.
- d) Deberá presentar o formulario de matrícula o alumnado ao inicio da escolarización: 4º de educación infantil ou 1º de educación primaria. O alumnado xa escolarizado no sistema educativo, presentará o documento cando:
 - Cambie voluntariamente de centro.
 - Inicie a correspondente etapa educativa procedente dun centro adscrito, conforme ao dereito de prioridade
 - Curse ensinanzas de ESO ou bacharelato
- e) Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e primaria sen cambio de centro non é necesario presentar o formulario.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo
(*asinado dixitalmente*)

¹⁴ Artigo 57.c) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.





SOLICITUDE

PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SUSTENTADOS CON FONDOS PÚBLICOS

DATOS DO/A ALUMNO/A SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO NOME DA VÍA NUM BLOQ ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATA DE NACEMENTO SEXO
 Home Muller

DATOS DO/A PROXENITOR/A

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS DO/A PROXENITOR/A

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO (alternativo, só se non coincide co anterior)

TIPO NOME DA VÍA NUM BLOQ ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

MOTIVO DA SOLICITUDE DE ESCOLARIZACIÓN E/OU CAMBIO DE CENTRO DOCENTE

- Incorporación tardía ao sistema educativo
- Traslado de domicilio con cambio de localidade
- Inicio dunha medida de acollemento familiar
- Traslado de centro durante o curso sen cambio de localidade
- Outras:

CENTRO DOCENTE (no que solicita a admisión)

NIVEL	CURSO					
<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN INFANTIL	<input type="checkbox"/> 4º	<input type="checkbox"/> 5º	<input type="checkbox"/> 6º			
<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN PRIMARIA	<input type="checkbox"/> 1º	<input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> 3º	<input type="checkbox"/> 4º	<input type="checkbox"/> 5º	<input type="checkbox"/> 6º
<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	<input type="checkbox"/> 1º	<input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> 3º	<input type="checkbox"/> 4º		
<input type="checkbox"/> BACHARELATO	CURSO	MODALIDADE				
	<input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> Ciencias <input type="checkbox"/> Humanidades e ciencias sociais <input type="checkbox"/> Artes				





ANEXO
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que no ano académico actual, o alumnado esta cursando os estudos correspondentes a curso de no centro
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- DNI ou NIE da persoa proxenitora ou representante legal que asine a solicitude
- DNI ou NIE da outra persoa proxenitora que asine a solicitude, en caso de separación legal ou divorcio con custodia compartida
- Copia completa do libro ou libros de familia
- Sentenza de separación xudicial ou divorcio ou convenio regulador, de ser o caso
- Incorporación tardía ao sistema educativo: certificación académica de reunir os requisitos esixidos no nivel que solicita
 Escritura de compra, contrato de alugueiro ou calquera outro título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como novo domicilio habitual; contrato de alta nas subministracións de auga e luz
- Traslado de domicilio con cambio de localidade: Certificado de convivencia das persoas proxenitoras ou representantes legais e o alumnado no novo domicilio familiar
- Inicio dunha medida de acollemento familiar: resolución xudicial ou administrativa acreditativa da situación de tutela, garda ou do acollemento familiar permanente ou preadoptivo

OUTRA DOCUMENTACIÓN :

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia, consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 245, do 26 de decembro)
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato

SINATURA DO/A PROXENITOR/A OU REPRESENTANTE

SINATURA DO/A PROXENITOR/A OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Lugar e data

, de de

CENTRO DOCENTE

XEFATURA TERRITORIAL DE



